


TEMA 8. FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA (III):

**ORTEGA Y GASSET**

Cada vez que  
enseñes, enseña  
también a dudar  
de aquello que  
enseñas

José Ortega y Gasset



1883-1955

# **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

## **(PREGUNTAS TEÓRICAS ABAU)**

### **1) ORTEGA Y GASSET: A RAZÓN VITAL**

#### **ÍNDICE DO TEMA**



**A.- ⇒ O CONTEXTO CULTURAL E HISTÓRICO**

**A1.- ⇒ CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO  
TEXTO (VIDA E OBRAS)**

**B.- ⇒ RESUMO DAS TRES ETAPAS DO PENSAMENTO  
DE ORTEGA: OBXECTIVISMO, PERSPECTIVISMO E  
RACIOVITALISMO.**

**1.- ORTEGA Y GASSET: A RAZÓN VITAL**

**2.- TEXTOS ABAU DE ORTEGA Y GASSET**

## **A.- ➔ O CONTEXTO CULTURAL E HISTÓRICO**

**Contexto Histórico:** A súa filosofía desenvólvese durante a **Restauración Borbónica (Alfonso XII)**, a **ditadura de Primo de Rivera**, a **proclamación e posterior caída da 2ª república** e os **primeiros anos da ditadura de Franco**. Durante este período as condicións socioeconómicas fan de España unha sociedade atrasada, con gran peso da economía agrícola. Isto fai xurdir unha clase caciquil, unha gran bolsa de traballadores e xornaleiros e unha incipiente burguesía. Fóra de España asistimos ao **auxe do capitalismo nas principais potencias europeas e EEUU**. Agudízanse os enfrentamentos entre a clase obreira e a capitalista. Prodúcese a **1ª guerra Mundial** que finaliza co tratado de Versalles. **A Rusia zarista sucumbe ao movemento obreiro encabezado por Lenin**. Durante este período de entreguerras aparecen partidos socialistas e o alzamento de partidos fascistas en Italia, España e Alemaña. **En EEUU ten lugar a gran crise de 1929**. Tras o acceso ao poder dos partidos fascistas en Alemaña, Italia e España, prodúcese o estalido da 2ª Guerra Mundial. Tras a derrota de Alemaña, Italia e Xapón **xorde unha nova orde internacional, un bloque occidental en torno a USA denominado OTAN e o bloque comunista coa URSS á cabeza que recibe o nome de Pacto de Varsovia**.

**Contexto cultural e filosófico:** Destaca o florecemento dunha serie de xeracións de pensadores e literatos: **Xeración do 98 (Unamuno, Machado) a de 1914 (Pérez de Ayala, Gómez de la Serna, Ortega...)** e **a do 27 (Lorca, Alberti, Falla, Albéniz, Picasso, Dalí, Miró)**. Nesta época predominan unha serie de posicións filosóficas: **idealismo, neokantismo, existencialismo, historicismo**. O **positivismo e o estruturalismo** (centrados no interese pola lingua e a ciencia), e a **psicanálise e marxismo** (centradas nos problemas sociais e ideolóxicos). **Ortega está especialmente influenciado** por unha serie de correntes filosóficas que ten como eixes fundamentais: a historicidade, a vida e irredutibilidade, tales como a **fenomenoloxía e o existencialismo** (intentando facer a súa propia análise da existencia humana), **o vitalismo** (céntrase na explicación do concepto de vida e finalmente o **Historicismo**, de influencia tanto en Ortega como en **Dilthey**).

# A1.- ➔ CONTEXTUALIZACIÓN DO AUTOR E DO TEXTO (VIDA E OBRAS)

**José Ortega y Gasset**, foi un filósofo español do século XX, pertencente á Filosofía Contemporánea (nacido en Madrid o 9 de maio de 1883 e finado na mesma cidade o 18 de outubro de 1955, Fillo de José Ortega Munilla e Dolores Gasset, filla de Eduardo Gasset Artime), considerado o principal expoñente da teoría do **perspectivismo** e do **raciovitalismo**, situado no movemento do **Novecentismo**. Tamén actuou como activista político e como xornalista.

Cursou os seus primeiros estudos en Madrid, logo trasladouse a Málaga, onde estudou o bacharelato en Miraflores de El Palo, no colexio San Estanislao da Compañía de Xesús onde rematou ós 14 anos. A súa etapa universitaria comeza en 1897 matriculado en Dereito e Filosofía na Universidade de Deusto, Bilbao (1897–1898), máis tarde retornou a Madrid para estudar Filosofía e Letras na Universidade Central (1898–1902). Dous anos máis tarde obtivo o doutorado de filosofía coa súa obra: *Los terrores del año mil. Crítica de una leyenda*. **A súa idea de que o que necesitaba España era ciencia e moralidade pública- iso era Europa como ideal de futuro- levouno a estudar a Alemaña, universidade considerada a mellor de Europa por aquel entón**. Entre 1905 e 1907 realizou estudos en Leipzig, Núremberg, Colonia, Berlín e, sobre todo, Marburgo onde estableceu contacto coa **corrente neokantiana**.

En 1909, en España, foi nomeado profesor numerario de Psicoloxía, Lóxica e Ética da Escola Superior de Maxisterio de Madrid e en outubro de 1910 gaña por oposición a cátedra de metafísica da Universidade Central, vacante tras o falecemento de Nicolás Salmerón.

Nese mesmo ano contrae matrimonio con Rosa Spottorno Topete. Colaborador do diario **El Sol** dende 1917, onde publicou en folletíns dúas obras: *España invertebrada* e *La rebelión de las masas*. En 1923 fundou a **Revista de Occidente** da que foi director ata 1936. Dende esta publicación promoveu a tradución e comentario das mais importantes tendencias filosóficas e científicas.

Durante a Segunda República foi elixido deputado pola provincia de León coa Agrupación ó Servizo da República. Permaneceu no escano durante un ano, tras criticar publicamente o curso que a República tomaba no seu célebre discurso coñecido como «*Rectificación de la República*» de decembro de 1931. Cando comezou a guerra civil española, Ortega estaba enfermo no seu domicilio; tres días despois presentáronse na súa casa varios comunistas con pistolas e esixiron a súa firma no pé dun manifesto contra o golpe de Estado e en favor do Goberno

republicano. Ortega negouse a recibilos e foi a súa filla quen conversou con eles e conseguiu convencelos de redactar outro texto curto e menos politizado que Ortega firmou un tempo despois xunto con **Gregorio Marañón, Ramón Pérez de Ayala** e outros intelectuais. Nese mesmo mes de xullo e a pesar da súa grave enfermidade, **fuxiu de España, grazas ao seu irmán Eduardo, primeiro exiliouse a París, logo nos Países Baixos, Arxentina e finalmente en Lisboa en 1942.**

**A partir de 1945 a súa presenza en España foi frecuente aínda que nunca conseguiu recuperar a súa cátedra.** Optou por fundar un Instituto de Humanidades onde impartiu as súas leccións. Durante estes anos ata a súa morte a súa vida transcorreu sobre todo en Alemaña, onde recibiu o creto e as oportunidades de expresión que lle correspondían.

**Ortega y Gasset exerceu unha gran influencia filosófica en España no século XX non só pola temática da súas obras filosóficas senón tamén polo seu estilo literario áxil, descrito por algúns como próximo ao Quixote, o que lle permitiu chegar facilmente ó público.**

#### **OBRAS MÁIS IMPORTANTES DE ORTEGA Y GASSET**

<b>AÑO</b>	<b>OBRA</b>
1914	<b>Meditaciones del Quijote</b>
1915	<b>Investigaciones psicológicas</b>
1916-1917- 1921	<b>El Espectador</b>
1921	<b>España invertebrada</b>
1923	<b>EL TEMA DE NUESTRO TIEMPO (ABAU)</b>
1924	<b>Ni vitalismo ni racionalismo</b>
1925	<b>La deshumanización del arte</b>
1929	<b>La rebelión de las masas</b>
1929	<b>¿QUÉ ES FILOSOFÍA? (ABAU)</b>
1932-1933	<b>Unas lecciones de metafísica</b>
1935	<b>Historia como sistema</b>
1940	<b>Ideas y creencias</b>
1940-1942	<b>Sobre la razón histórica</b>
1949	<b>El hombre y la gente</b>

## **B.- ➔ RESUMO DAS TRES ETAPAS DO PENSAMENTO DE ORTEGA: OBXECTIVISMO, PERSPECTIVISMO E RACIOVITALISMO.**

Ortega divide a súa formación en dúas fontes moi diferenciadas: A FILOSOFÍA GREGA E A FILOSOFÍA EUROPEA CONTINENTAL INICIADA CON DESCARTES, TAMÉN CABE DESTACAR A FILOSOFÍA ALEMÁ NEOKANTIANA QUE ASIMILOU NA SÚA ETAPA EN MARBURGO. O resto de teorías da época son practicamente ignoradas por el. O seu pensamento acostuma dividirse en tres etapas:

- **OBXECTIVISMO** (1902-1914).
- **PERSPECTIVISMO** (1914–1923).
- **RACIOVITALISMO** (1924–1955).

### **OBXECTIVISMO**

Presente na filosofía de Ortega e Gasset **dende 1902 ata 1914, durante a súa estadía en Alemaña, nesta época reflexiona sobre como evitar a decadencia de España.** O filósofo **ve como solución a europeización,** isto quere dicir, que O PAÍS NECESITA CULTIVAR UN MODO DE CIVILIZACIÓN QUE, SEN DEIXAR DE SER ESPAÑOL, POIDA SER EUROPEO. Influenciado polo neokartinismo **propónse como o principal problema o coñecemento pero lonxe do realismo e do idealismo.**

Deste período é a súa famosa declaración **"YO SOY YO Y MI CIRCUNSTANCIA, Y SI NO LA SALVO A ÉLLA NO ME SALVO YO"** (eu son eu e a miña circunstancia e se non a salvo a ela non me salvo eu) no seu libro *Meditaciones sobre el Quijote*. O eu do que falaba Ortega é **un eu no mundo, no escenario no que actúa, porque a vida é unha actuación, temos que cultivar nós o noso propio coñecemento.** Esta declaración destínase a ENFATIZAR A SINGULARIDADE DA VIDA DE CADA SER HUMANO, NON TRANSFERIBLE (NON PODE VIVIR POR MIN) E DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS TEMPORAIS E ESPACIAIS: EU NACÍN NUN TEMPO E LUGAR E, CONSECUENTEMENTE, A MIÑA VIDA MOSTRA CERTAS CARACTERÍSTICAS. As circunstancias son moitas e variadas de home para home, o que fai a súa vida singular. Á luz das circunstancias e, polo tanto, para determinar cada individuo. A súa eliminación pode anularnos a nós mesmos.

## PERSPECTIVISMO

“CADA VIDA ES UN PUNTO DE VISTA SOBRE EL UNIVERSO” (CADA VIDA É UN PUNTO DO VISTA SOBOR DO UNIVERSO) publicada no libro *Tema de nuestro tiempo* recolle á perfección a idea perspectivista de Ortega que é un partidario do **perspectivismo histórico**, é dicir, ten unha **concepción da historia segundo a cal podemos analizar e entender as cousas dende diferentes perspectivas**. CADA HOME TEN UNHA ESPECIAL COMPRENSIÓN DA REALIDADE QUE SÓ LLE PERTENCE A EL. O TOTAL DA SUMA DE TODOS OS PUNTOS DE VISTA DE TODOS OS HOMES PROPORCIONAN UNHA VISIÓN REAL E VERDADEIRA DO MUNDO. En esencia, a variedade de perspectivas permite ver unha realidade máis completa e máis obxectiva. Un dos puntos máis importantes do perspectivismo é defender cada posición co obxectivo de que sexa considerada a pesar de que sexa contraria á de outros. **Cada individuo debe mostrarse cunha posición única e orixinal que debe ser tolerada polo resto para evitar enfrontamentos entre as diferentes posicións.**

## RACIOVITALISMO

**O raciovitalismo consistiu no intento de fusionar a vida e a razón, superando as incompatibilidades que se dan entre ambas.** A vida é para Ortega a realidade existencial humana, o seu quefacer. **VIVIR É SENTIR ALGO, FACER ALGO, PENSAR ALGO, VIVIR É A COEXISTENCIA ENTRE O EU E O MUNDO, E NO QUE TEMOS QUE BASEAR A NOSA FILOSOFÍA.**

No raciovitalismo Ortega tamén afirma que **o ser humano é o que foi, ou sexa, que non ten natureza senón historia e ten que ser capaz de asumila e de ir creando a súa propia sen que ninguén a escolla por el dentro dunhas circunstancias diarias que inflúen decisivamente no xeito de levar a cabo o seu proxecto persoal.**

O descubrimento da vida como realidade metafísica, esixe un **método** que poida ser accesible, este método é a **razón vital**, o home está aberto ó mundo e é aquí onde desenvolve a súa personalidade. A vida que imos vivindo é a realidade onde a razón adquire sentido, para levar a cabo unha existencia auténtica. A razón é a capacidade para iluminar e dar sentido a existencia persoal e cultural.

# 1.- ORTEGA Y GASSET: A RAZÓN VITAL



## O raciovitalismo

### A proposta racio-vitalista

As posicións perspectivista e circunstancialista non as abandonará Ortega no seu período de madurez filosófica, coñecido co nome de raciovitalismo, senón que este pódese considerar máis ben como o desenvolvemento consecuente dos períodos anteriores. **O RACIOVITALISMO CONSISTE BASICAMENTE NO INTENTO DE CONXUGAR A VIDA COA RAZÓN, SUPERANDO CRITICAMENTE AS CONTRADIÇÕES QUE SE DAN ENTRE AMBAS, TAL COMO SE PODE DEDUCIR DOS EXCESOS "IRRACIONALISTAS" DO VITALISMO E DOS EXCESOS "ANTIVITAIS" DO RACIONALISMO.** Xa que logo, a crítica de ambas perspectivas filosóficas será unha das necesidades prioritarias de Ortega, coa finalidade de ver o que pode haber nelas de positivo e lograr esa complementariedade que as supere no raciovitalismo.

A análise orteguiana do vitalismo e do racionalismo realízase no artigo "**Nin vitalismo nin racionalismo**", publicado en 1924 na Revista de Occidente. Nel distingue Ortega varias acepcións do termo vitalismo, unhas pertencentes ao ámbito do biolóxico, e outras ao filosófico. Neste último distingue aínda 3 posicións distintas; en primeiro lugar, a de quen consideran que os procesos de coñecemento pódense reducir a procesos biolóxicos explicábeis, polo tanto, polos mesmos principios que estes, sen que sexa necesario recorrer a principios filosóficos especiais. En segundo lugar refírese ao **vitalismo de H. Bergson**, que sitúa nun segundo plano o papel da razón no coñecemento, privilexiando a intuición que se produce na vivencia interna das cousas, verdadeira fonte de coñecemento. **EN TERCEIRO LUGAR, EXPÓN A SÚA PROPIA POSICIÓN: A RAZÓN DÁSE "NA" VIDA, POR ASÍ DICILO.** O coñecemento será obra da razón, pero esta dáse "na vida" e está rodeada, polo tanto, de elementos non racionais, "limitada" por eles. Pero tales límites, lonxe de poñer a razón en segundo plano,



manifestan o seu carácter imprescindíbel, xa que para pensalos é necesaria a razón mesma.

**Ese recoñecemento do papel da razón non o converte, sen embargo, nun racionalista.** Nese mesmo artigo Ortega criticará o racionalismo, considerándoo como o resultado da absurda beatería dalgúns filósofos con respecto á razón, que acaban por concibir que esta non ten límites, terminando por pretender ir alén do que a razón permite acadar. Para Ortega, polo contrario, **a razón**, no seu afán por buscar a explicación do real, as súas causas, **vaise atopando con moitos aspectos da realidade dos que non pode dar conta, que son "irracionais", o que pon de manifesto, precisamente, os seus propios límites.** A CONSECUENCIA NON É O REXEITAMENTO DA RAZÓN COMO INSTRUMENTO DO COÑECEMENTO, SENÓN O REXEITAMENTO DA ILEXÍTIMA PRETENSÓN DA RAZÓN DE COÑECELO TODO, DA PRETENSÓN DE QUE A REALIDADE SE MOVA DE ACORDO COS DITADOS DA RAZÓN, PRETENSÓN QUE OS RACIONALISTAS CONVERTERON NUNHA FE QUE OS LEVOU A TODO TIPO DE EXCESOS. DESE XEITO A RAZÓN QUEDARÁ SALVA DOS EXCESOS DOS RACIONALISTAS.

O tema do noso tempo consiste en **someter a razón á vitalidade, localizala dentro do biolóxico, supeditala ao espontáneo.** DENTRO DE POUCOS ANOS PARECERÁ ABSURDO QUE SE ESIXA Á VIDA POÑERSE AO SERVIZO DA CULTURA. **A MISIÓN DO TEMPO NOVO É PRECISAMENTE CONVERTER A RELACIÓN E MOSTRAR QUE É A CULTURA, A RAZÓN, A ARTE, A ÉTICA QUEN HAN DE SERVIR Á VIDA.**

**O raciovitalismo tratará de conxugar os elementos positivos do vitalismo e do racionalismo, dando lugar á configuración dun novo pensamento, articulado en torno á noción de razón vital,** do que podemos destacar os seguintes aspectos:

- 1) En primeiro lugar, destácase a primacía ontolóxica do real con respecto ao coñecemento, o que vén a significar a primacía ontolóxica do vital, en canto a vida é o aspecto máis significativo da realidade. O pensamento dáse "despois", sendo secundario con respecto á realidade obxectiva. **A razón, de lexisladora do real pasa a converterse en mera cronista dunha realidade á que debe someterse.** XA QUE O ASPECTO MÁIS SIGNIFICATIVO DA REALIDADE É A VIDA, EN CANTO REALIDADE RADICAL, ESTA CONVERTERASE NO OBXECTO PRIMARIO DA REFLEXIÓN FILOSÓFICA DA RAZÓN, NO PUNTO DE DESPEGUE DE TODA TEORÍA.
- 2) **A vida da que fala Ortega non é a vida "biolóxica"** senón que, en canto realidade radical, ha de cumprir determinadas condicións, que a distinguen dunha consideración puramente biolóxica do vital: **É A VIDA DE QUEN TEN**

**CAPACIDADE PARA DAR CONTA DELA, A VIDA PERSOAL, DE CADA SER HUMANO, ESTÁ VIDA, A MIÑA, A VIDA HUMANA.** É precisamente o pensamento o que nos capacita para comprender a vida e as súas circunstancias, dando sentido á acción humana, á particular forma de obrar do home no mundo, polo que **o pensamento non pode considerarse como algo oposto e/ou alleo á vida.**

- 3) **Vivir é "estar no mundo", pero nun mundo que non se pode identificar xa coa "natureza" dos antigos xa que ese "estar no mundo " supón o decatarse do vivido como tal; supón tamén un quefacer, unha ocupación, unha tarefa** que se realiza en vistas a un fin, polo que VIVIR É NECESARIAMENTE PROXECTAR, DECIDIR LIBREMENTE O QUE QUEREMOS SER E FACER. Esa identificación da vida coa capacidade de anticipar, necesaria para calquera proxecto, esixe tamén a **liberdade de elección entre as distintas posibilidades que me son ofrecidas nas miñas circunstancias; hai, polo tanto, unha certa limitación e unha certa liberdade nas posibilidades de acción do home nas súas circunstancias.**

Polo demais, **TODO ISO DÁSE NO TEMPO, POLO QUE A DIMENSIÓN HISTÓRICA DO HOME É INSEPARÁBEL DO CIRCUNSTANCIALISMO, O QUE NOS CONDUCE AO NÚCLEO DO ÚLTIMO PENSAMENTO ORTEGUIANO, A RELACIÓN ENTRE A VIDA E A HISTORIA, PLASMADA NO CONCEPTO DE RAZÓN HISTÓRICA NO QUE SE CONCRETA A NOCIÓN ORTEGUIANA DE RAZÓN VITAL.** A natureza do home é, fundamentalmente, histórica. Iso supón afirmar que non hai unha natureza humana inmutábel: o home é, en cada época, en boa medida, o que herda dos seus antepasados, herdanza que se pode consolidar e aumentar, transmitíndoa ás xeracións futuras, ou dilapidar.

En suma, que **O HOME NON TEN NATUREZA, SENÓN QUE TEN (...) HISTORIA.** Ou, o que é igual, **o que a natureza é ás cousas, éo a historia ao home.** (Obras completas, 6, páx. 41)

## **2.- TEXTOS ABAU DE ORTEGA Y GASSET**

### **J. ORTEGA Y GASSET, texto 1**

#### **Que é filosofía?**

O primeiro, pois, que ten de facer a filosofía é definir ese dato, definir o que é "a miña vida", "a nosa vida", a de cada quen. Vivir é o modo de ser radical: toda outra cousa ou modo de ser atópoo na miña vida, dentro dela, como detalle dela e referido a ela. Nela todo o demais é e é o que sexa para ela, o que sexa como vivido. A ecuación máis abstrusa da matemática, o concepto máis solemne e abstracto da filosofía, o Universo mesmo, Deus mesmo son cousas que atopo na miña vida, son cousas que vivo. E o seu ser radical e primario é, polo tanto, ese ser vividas por min, e non podo definir o que son en canto vividas se non pescudo que é "vivir". (...)

Polo tanto, o problema radical da filosofía é definir ese modo de ser, esa realidade primaria que chamamos "a nosa vida". Agora ben, vivir é o que ninguén pode facer por min –a vida é intransferible–, non é un concepto abstracto, é o meu ser individualísimo. Por vez primeira, a filosofía parte de algo que non é unha abstracción.

J. ORTEGA Y GASSET, *Que é filosofía?* Trad. do GT de Filosofía

### **J. ORTEGA Y GASSET, texto 2**

#### **O tema do noso tempo**

Hoxe vemos claramente que, aínda que fecundo, foi un erro o de Sócrates e os séculos posteriores. A razón pura non pode suplantar á vida: a cultura do intelecto abstracto non é, fronte á espontánea, outra vida que se baste a si mesma e poida desaloxar aquela. *É tan só unha breve illa que flota sobre o mar da vitalidade primaria.* Lonxe de poder substituír a esta, ten de apoiarse nela, nutrirse dela como cada un dos membros vive do organismo enteiro. É este o estadio da evolución europea que coincide coa nosa xeración. Os termos do problema, logo de percorrer un longo ciclo, aparecen colocados nunha posición estritamente inversa da que presentaron diante do espírito de Sócrates. O noso tempo ten feito un descubrimento oposto ó seu: el sorprendeu a liña na que comeza o poder da razón; a nós se nos ten feito ver, pola contra, a liña na que remata. A nosa misión é, pois, contraria á súa. A través da racionalidade temos voltado a descubrir a espontaneidade. (...)

*O tema do noso tempo* consiste en someter a razón á vitalidade, localizala dentro do biolóxico, supeditala ao espontáneo. De aquí a poucos anos parecerá absurdo que se lle teña esixido á vida poñerse ó servizo da cultura. A misión do tempo novo é precisamente converter a relación e amosar que son a cultura, a razón, a arte, a ética as que teñen de servir á vida.

J. ORTEGA Y GASSET, *O tema do noso tempo* Trad. do GT de Filosofía